

PAXINA ENXEBRE

O cólico e mais o flemón

N-o tempo d' as eleuções, recurren os que n-elas andan, metidos, a todal-as tra-moyas, pra derrotar os seus contrarios. Eiqui, en Pontareas, xa vimos como as gastan os que mandan n-isto. Apricaron o amaldizoado artículo 29 contra ley, y-a vi-vir, que vamos ben.

que mesmo dan ganas de pedirle os franceses un d' os seus cañonchios de 75, y-en-comenzar a facer fogo hastra non deixar pedra enriba de pedra nin titerre con cabeza.

Houbo tamén cousas cómicas, porque anque iste mundo e un val de bágoas, nunca falta con que rir.

En certo pobo loitaban, d' unha banda un cacique moi cacique, de valma moi ruín, e d' a outor un médico de moita sabedencia. Capitaneaba iste os amigos d' o pobio, y-era o estorbo máis grande qu' o cacique tiña alcontrado n-o seu camiño.

E coñeceu o cacique que impedindo qu' o médico estivese o frente d' as suus forzas o día d' os honcacións, máis fácil l' había de ser a él recadar o trunfo, e ideou unha andrómena tan ruín coma el.

A unha d' a mañán, mandou un criado a casa d' o médico, decíndolle que seu amo estaba c-un cólico que coitaba que morría.

Tíñovos que adevantir que, anque en-migos políticos, o cacique era cliente d' o tal médico, porque iste era home de moita concencia, y-o cacique estimaba moito a sua saúde e maila d' a sua familia, pra me-tela n-as mans de calquer bñulaque con título.

Despertaron a médico, y-asi que lle deron o recado d' o cacique, torcen o focioño e dixo:

—Malo, malo. Isto cheirame a andrómena. Penson un pouco, e aguerrou:

—O que quer ise tío e pillarle n-a sua casa e dimpós fecliarle anque sexa n-a corte d' os honcacións, pra que non dirixa a eleu-ción. Eu sei como as gasta.

Tiña iste médico un fillo, que tamén es-tudara medicina e que xa lle axudaba moito.

Mandou erquer d' o leite, e díxolle:

O tío Xacobe Folepas mándame cha-mar, por que di qu' está c-un cólico qu' se morre. Desconfío qu' e pra facerme unha trasnada, a fin de qu' eu non poída ma-ñán estar o frente d' a miña xente. Mais, pol-o si ou pol-o non, vai ti, qu' o fin, an-que cacique e noso próximo.

—Tora a valma—respondeu o fillo.

—Amén—ho o pai, e continuou:

—Vai ti alá; dílle qu' eu non poído sair porque estou c-un flemón que me volve to-lo, e si e certo qu' está l'ho, e, tratayo co-mo Dios manda. Mais por si acasa e unha trampa que me quer armar, leva iste fras-quíño, que xa sabes o que ten.

—Sei, señor.

—Si o cólico non e máis qu' un pre-esto pra pillarle n-a sua casa, o ver qu' en vez d' ir eu vas ti, ha de facer come que lle paxon.

Y-entonces ti pra que lle non repita, mándalle porparar unha taciña de té ou d' herba lusa, deitastle dentro unhas can-tas pingotas d' o que xai n-o frasco, e vól-veste pr' a casa, que me parez que xa te-mos a eleución gañada.

Tal como pensara o médico, así resul-tou. O cólico era, efectivamente, unha ga-yola qu' o tío Xacobe lle perparaba o seu enemigo.

Así e qu' o mdico fillo, cumprío o pe d' a letra o qu' o médico pai l' ordenara, e tor-nou pra casa moi satisfeito.

Amáñecen, e cando o tío Xacobe quixo sair, tivo que correr máis que de presz pra onl' a esterqueira, porque o que tiña o frasco era un purgante moi activo, qu' o fixo andar todo día c-os calzáns n-a man.

E resultou que, como non puída atender a eleución porque d' aboulo tiña con aga-charse y-erguerse, abotarse e desahotar-se, rafiáronlle os amigos d' o médico as mayorías, e levou un desgusto que non sei si morrerá d' el.

On-te, o facerse o escrutinio, alcontráron-se o médico e mail-o cacique, n-a sala d' o Auntamento.

—Que tal ise cólico?—preguntou con risiña de coello o médico.

—Xa me pasou, y-o seu flemón?—res-ponden o tío Xacobe.

—Xa me reventou.

—Foi lástima, ho, porque lle tiña eu un

remedio pra facelo reventar, qu' era como man de santo.

Y-amosroulle o puño fechado.

Avelino Rodríguez Elías

POETAS DA TERRA!

Outono

Xa folgan os campos
x'os rios van ceibos,
x'os carríños chian
do millo ven cheos

Despidos da froita
quedan os froiteiros,
i-ovagao enxuto
vai pol-os regueiros.

X'o sol dadivoso
non pouosa os destelos
enriba do mare
nin dos cimbras ledos.

Non zurren os grilos
nin as rans dan berros,
nin heilan as mozas
o son dos pandeiros.

Tampouco non cantan
aló no arboredo
pimpis paspallares,
reiseñols nin melros.

Acabous'o v'ran
y n'o pumar e pardo
nos días d'outono
n'ai mais que silencio.

Soilo can as follas
tintas d'amarelo,
c'o ese cor dos mortos
ind'ocimenterio.

Mes de San Miguel,
mes do recoleito,
tráyemas alegrías,
tráyemas a centos.

Mat'as tristuras,
c'o teu vento meigo,
c'as teño acocñadas
no fondo do peito.

Hermínia Fariñas

Aturuxos

Levo xa uns vinte anos falando mal das mulleres; mellor dito, facéndolles xusti-cia.

¿E quen vos quere decir, que de poucos días aca, entráronme unhas ansias loucas de me poñer a ben con elas, desdecíndome de canto teño falado?

Non sei si será esto un mal presintimento ou un presintimento de morte. Pero si o e, loubado sexa Dios, que de tal maneira su-po tocar na miña probe alma incríndose a darlle unha pequena limpadura a esta concencia, por certo bastante enfurruxada.

Así que, de hoxe en diante, as mulleres tendrán en min o defensor mais apasionado emái barudo. Xa se sabe que a única que non será por min defedida nunca, e a que teño na casa.

¡Recordeo, pois non faltaba máis! A esa, non lle perdono en cen anos que viva o mal que me ten feito.

As outras, pra min, son todas unhas verdadeiras santas.

Poida que a mín me parezan así, porque non teño que aturilas; máis anque soño por iso sexa, eu non poído deixar de reco-nocer que son boas, carifentas, bonitas, frescas.

Unha muller!... Unha muller vale un diñeirón.

Sai un de paseo con ela. E un, ¡xa se sabe! vai como si o levasen pr'o matadeiro. Por moito que descurra non atopa maneira de verse libre d'ela. Mais aparece unha ve-ciña, cambian un saído, enróscanse n'unha conversa, e un dice pra si: "Boeno pois xa eston libre do demo".

Despós volvéndose pra ela, fáalle d'es-te xeito:

—María Rosa: namentras conversades un pouco, vou aquí adiante, que teño que falar con certo suxeito.

—E pois vai máis non tardes, moito.

—Eu veño xa!...

Ben, pois sai un da veira d'elas as tres

da tarde, e xa tanto ten volver as sete com' as oito.

Pode facer de conta que pousou ali un saco de patatas. Non se revolve do sitio. Comenzan por si Fu'ana anda preñada, pasan a tratar de que Citano lle bature a muller, logo de que si aquel fillo e así ou da outra maneira...

Aquel rayo d' aquela tallada que teñen na boca non para nunca.

¡Dalle, dalle, dalle sin tomar alento xiuera son capaces de falar un mes!

Non sei como se apañarán os homes n'aquestes países onde elas poden ser de-putados.

Boeno, han de ter que lle sacar a vos, o voto o cargo e hastra a léngua.

¡Sí, sí; e mandalas guisar xoubas e la-var meadas!

Son moi boas. O que me queda de vida hei de pasalo falando ben d'elas.

Hoxe e o primeiro día.

Rogelio Riveiro

RETRAZOS

Ende votando unha moza os ollos escarramela, burre com'un azogado, derrétese, ri, tatexa, pñenselle cosque guichas como os burros as orellis sintindo ruxir de faldras non atoa nin sosega;

vai tral-as mulleres sempre com'os cas tras d'as cadelas; a forza de ser un macho non vive mais qu' entre femias.

Xan Entr'elas. Pasa infeliz a sua vida com'un negro traballando; naldea, non lle dan tino, n-a vila, non lle fan caso;

o son probes com'el despreciano, o son ricos adráxano, tén razón e non l'a dan, mantense de vica e caldo;

si pide xusticia, naganlla, si l'a fan cústalle os cartos, morre probe y-esquecido, vive a mioca, e calando, bautizano por costume,

pero como mouro tratano. Está sacando a moiteira Xan Paisano

De solteiro foi un besta, casouse e volvese mandria, a muller pégalle tundas, ela come y él traballa nomentras él dorme canso de sufrir, ela descansa,

e parola c'os veñinos e vaíse os gritos, si cadra; él como si nada fose, cal si nada vise, cala, mete o xenio nas faltricas, non ten vergonza ni rábecha,

quer o mesmo os que o protexen como os que o firen e adráxan. Abonda pra conocele,

e Xan Lamas. Con osadia soberba era un quisque e campá d'home, d'un anaquiño de mando com'un boy turra o que pode.

E gasalleiro d'os ricos, foso e severo c'os probes. sin saber nada de nada

POR RAZONES DE ELEGANCIA Y ECONOMIA DEBE Vd. EXIGIR A SU CAMISERO LOS GUELLOS MARCA



TRES V.V.V.

medra a trunfa com'os próceres
leva fume na cabeza
e no corazón rencores,
está por fora rixoso,
por dentro valcero e podre,
e cobarde c'os manates,
c'os deberes valente a veces,
Un d'os páxaros de conta:
Lucas Gómez

Vaentín Lamas Carvajal

A NAJ DO EMIGRADO

Hai unha longa distancia dende aquí hastra o meu lar; hai unha longa distancia pol'a terra e pol'o mar.

Ali teño unha velliña qu' está rezando por min; ali teño unha velliña que fai anos que non vin. E tan vella que xa temo qu' axiña me vai morrer; e tan vella que xa temo qu' a non tornarei a ver.

Avelino Rodríguez Elías

Del libro "O aCantar dos Cantares".

A MARINA

Que gusto dá contemprar denda ribeira sentado; a oleaxe d'o mar; Ifai as penas escapar d'o corazón congoxado!

Velas ondas, que, rolando, seguidiño..., mansamente, parece veñen falando contos d'aló d'outra xente que foi nacendo e marchando.

Ver vizosos mariñeiros, que, n-os seus barcos velceiros van cantando barcarolas o son d'o ruxir d'as olas

y-o arrullo d'e salceiro.
O lonxe votal-a vista e ver todo en movemento... jasi eu medrel qu'e un portento, non sei como hay quén resista as brasesmias d'un "xumento".

Porque brasfemia e o decir qu'o mundo n-e gobernado por Dios; pero mal pecado quizáis non sepa escribir nin ler ese desgraciado.

Pero o mar jentende ben! hermosura de vran tén, porqu'en s'indo o tempo quente calquera se pon "doente" c'o frío que d'o mar ven.

Por eso eu pr'o Valadouro, desqu'eto se pon mouro rabeco por ir axiña: pois, lector, non e un desdouro trocal-o pol-a mariña?

Celestino Cabarcos Suárez

Hotel Restaurant y carvorería "ALFONSO XIII"

JOSE M. FADIÑO y Hno.

Piezas para familias y camas para hombres solos — Especialidad en vinos extranjeros y del país
Servicio esmerado — Precios módicos
COMIDA A LA ESPAÑOLA
Se sirve a la carta—Se reciben pensionistas
Comedor reservado
Este Hotel permanece abierto toda la noche
3227 — Belgrano — 3227
A una cuadra del Hospital Español y una del Sag Roque.

DEPOSITE SUS ECONOMIAS EN LA CAJA DE AHORROS DEL BANCO DE GALICIA Y BUENOS AIRES, AL INTERES DE 5 0/0, CAPITALIZADO CADA TRES MESES Y EL BANCO AYUDARA A USTED A FORMAR SU PORVENIR. HACIENDO PRODUCIR SU PEQUEÑO CAPITAL.

Casa Matriz: CANGALLO 445-455

SUCURSALES:


RIVADAVIA 2828 ENTRE RIOS 200 CORRIENTES 3220 MITRE 300 (Avellaneda)

SAN JUAN 3101 SARMIENTO 1500 RIVADAVIA 3860

EL BANCO vende giros al cambio más favorable sobre todos los pueblos de ES PANÁ, los que son pagados a presentación.

Buenos Aires, 1.º de Febrero de 1925.

EN LA SASTRERIA



se viste muy bien

1452- DEFENSA - 1452

P A R Q U E

TEMPORADA DE INVIERNO

Función Domingos y feriados, tarde y noche
Sensacional espectáculo

HOY DOMINGO 19

ROMERIAS ESPAÑOLAS

Función Teatral, Conciertos y otros atractivos
Con atrayentes Balles Regionales, Bandas de Música,
Gaitas y Dalzainas

ENTRADA

\$ 1.00 Niños \$ 0.50

con teatro bailes, y una atracción

J A P O N E S